

30.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE XULLO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CESAR LOPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 28/2016 E 29/2016 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL CELEBRADAS O DÍA 4 DE XULLO DE 2016 E 11 DE XULLO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 28/2016 de 4 de xullo de 2016 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas, deixando pendente de aprobación a acta núm. 29/2016 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2016.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de cebadeiro de porcino no Paraxe Zarradelo, Alperiz, Parada, Lalín con base no informe favorable emitido polo técnico municipal de data 23/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 01/07/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.655,71 euros.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización de telecomunicacións na rúa Z, 9 - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 06/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/06/16 por importe de de 24,81 euros en concepto de ICIO. Consta o depósito na Tesourería Municipal por importe de 1.000 euros en concepto de aval.

3.2.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para peche dunha finca en Castro de Arriba, 23 – Vilatuxe - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 06/07/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/07/16 por importe de de 36 euros en concepto de ICIO.

3.3.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización para instalación de rede de baixa tensión para vivenda unifamiliar en A Xesta, Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 03/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14/06/16 por importe de de 121,92 euros en concepto de ICIO. Consta o depósito por importe de 1000 euros en concepto de aval.

3.4.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para instalación de rede de baixa tensión para vivenda unifamiliar no lugar de Milleiros, Losón, Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 03/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14/06/16 por importe de de 32,69 euros en concepto de ICIO.

4.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.

4.1.- Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA para ampliación de granxa porcina sito no Polígono 211 parcela 499, próxima ao lugar de Liñares, Prado, Lalín** con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 23/06/16.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

5.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para planta de almacenamento, clasificación e valorización de residuos de construción e demolición sita na “Zarra de Nemesio”, polígono 70 parcela 385, Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe a acta de comprobación do técnico municipal de data 29/06/16.

6.- INFORMES PREVIOS.

6.1.- Acordouse **informar favorablemente a solicitude de licenza de obra para legalización de ampliación** de estabulo en A Cruz, Santiso, Lalín, e remitir o expediente completo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra, para a emisión de ditame de incidencia ambiental.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

7.1.- Acordouse iniciar o expediente de **contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA PARA O CONCELLO DE LALÍN”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 12.203,47 €/anuais, máis a partida de 2.562,73 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 14.766,20 € IVE incluído/anuais e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por outro (1) ano máis, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente, autorizar o gasto por importe máximo de 14.766,20 € IVE incluído/anuais e iniciar os trámites para adxudicar o contrato e publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

8.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

8.1.- Acordouse **contratar a un condutor operario de obras e servizos municipais, en réxime de persoal laboral fixo**, grupo agrupación profesional AG.P, praza incluída na Relación de Postos de Traballo do concello de Lalín como persoal laboral fixo, a proposta do Tribunal cualificador da fase final de oposición do proceso selectivo de persoal laboral fixo para a praza de condutor-operario de obras e servizos do concello de Lalín de data 15 de xullo de 2016, E notificarlle a extinción do contrato laboral temporal de interinidade de data 11 de agosto de 2014 con efectos do día 31 de agosto de 2016 ao traballador municipal actual por cobertura definitiva da praza tras a finalización do proceso selectivo de

persoal laboral fixo para a praza de condutor operario de obras e servizos do concello de Lalín.

9.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

9.1.- Acordouse aprobar o **Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do servizo de recollida e tratamento de vehículos fora de uso**, que consta de cinco cláusulas.

9.2.- Acordouse **aprobar un Convenio coa Asociación Aspadeza para o ano 2016 para un programa integral de atención a persoas con discapacidade**, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo.

10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

10.1.- Acordouse proceder á **cancelación e devolución de fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 4.506,35 €** como garantía para responder das actuacións necesarias para a construción e posta en funcionamento do centro de transformación “CT núm. 3 Lalín de Arriba”, Lalín

10.2.- Acordouse proceder á **cancelación e devolución de aval depositado na Tesourería Municipal polo importe de 8.500,00 €** como garantía para responder da obra “Recrecido de firme e mellora pista praia de Vilatuxe, Agruchave, Torguedo, Catasós, Ateán, Goiás e outros”.

10.3.- Acordouse proceder á **cancelación e devolución de aval depositado na Tesourería Municipal polo importe de 18.699,14 €** como garantía para responder da obra “Pavimentación de camiños en Santiso, Erbo, Lebozán e outros”.

11.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse **aprobar a relación de facturas nº 00088** por importe de 86.150,01 € e a relación de facturas nº 00089 por importe de 14.047,14 €.

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse a **aprobación da acta de adquisición por mutuo**

acordo de bens afectados no expediente de expropiación forzosa para a execución do Sistema Xeral Viario SG-V.5 (tramo 1) do PXOM, asinada o pasado 30 de xuño co propietario da finca nº 22 do dito expediente e recoñecer a obriga derivada da dita acta polo importe total de 5.100,30 €.

12.2.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 261,41 € a aboar en efectivo.

12.3.- Acordouse a **ALTA no programa de Xantar na casa para unha persoa usuaria e a BAIXA no programa de Xantar na casa para unha persoa usuaria.**

12.4.- Acordouse a **LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS** en relación ó expediente de licenza de obra para “Renovación da cuberta da Igrexa parroquia de San Lorenzo de Vilatuxe” por unha Cota Tributaria de 1.790,23 €.

12.5.- Acordouse recoñecer a **obriga correspondente á dotación económica para os grupos políticos municipais** establecéndose unha asignación económica global para os grupos políticos con representación no Pleno da Corporación por importe de 10.000 €.

12.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 22.385,00 € (IVE incluído), con destino á **dotación de áreas deportivas e de ocio en Pozo do Boi -Vilatuxe e Anzo-Lalín**, e contratar con CARLOS PEÑA S.L. por ser a oferta mais ventaxosa.

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xuño de 2016, no punto 7.2.

13.2.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na proposta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xuño de 2016, no punto 1.4. Licenzas de obras.

13.3.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na proposta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xuño de 2016, no punto 4.2. Expedientes de contratación.

13.4.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na proposta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xuño de 2016, no punto 4.3. Expedientes de contratación.

13.5.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na proposta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xuño de 2016, no punto 7.3.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

14.1.- Deuse conta da **Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 13 de xullo de 2016** na que comunican a concesión dunha subvención para a ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE DOUS PANEIS INFORMATIVOS NO CONCELLO DE LALÍN, por importe de 1.210,00 euros.

14.2.- Deuse conta **Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 11 de xullo de 2016**, na que comunican a concesión dunha subvención para a PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA, por importe de 4.162,63 €.

14.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a colocación dunha caseta móbil de 9 m² de superficie, con destino a promoción dos servizos de telecomunicacións de R no Concello de Lalín coa ubicación sinalada no informe do Inspector Xefe da Policía Local.

14.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para acceso e fotocopia do expediente de licenza de obra do edificio sito na rúa do Rodo, núm. 28, Lalín, salvo o proxecto técnico que poderá consultar pero no fotocopiar.

14.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a consulta e copia de expediente de licenza de reforma e ampliación do edificio sito na rúa Castelao, salvo proxecto técnico que se poderá consultar pero non fotocopiar.
